UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Teresa López Fernández, vicerreitora de Profesorado e presidenta da Comisión de Reclamacións de prazas de profesorado laboral,

**FAGO CONSTAR:**

Que a Comisión de Reclamacións de prazas de profesorado laboral reunida o 27 de marzo de 2026, tomou o seguinte acordo en relación coas reclamacións presentadas na praza que se relaciona a continuación,

**Praza: 25/27007**

Categoría: Profesor/a Asociado/a    Dedicación: Parcial P04

Área de coñecemento: Teoría do Sinal e Comunicacións + Tecnoloxía Electrónica

Departamento: Enxeñaría de Computadores

Docencia: Materias da área

Centro: Facultade de Informática

Tras analizar a documentación da praza 25/27007, as reclamacións presentadas por D. Daniel Ríos Suárez e o informe da Comisión de selección, a Comisión de reclamacións, na súa reunión de 27 de marzo de 2026, acorda:

- estimar a reclamación de D. Daniel Ríos Suárez no relativo á non pertinencia da inclusión como criterio específico para a valoración da experiencia profesional "Outra experiencia no campo das TI[C] valorarase con 2 puntos por ano" por non axustarse ao contemplado para as prazas de profesorado asociado no baremo do anexo I da *Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador*, que sinala explicitamente que, no caso do profesorado asociado e do profesorado asociado de Ciencias da Saúde, se valorarán unicamente os méritos "da actividade específica definida para a praza obxecto de concurso", neste concurso, os das materias da área de Teoría do Sinal e Comunicacións + Tecnoloxía Electrónica
- solicitar da Comisión de reclamacións que proceda a baremar os méritos das persoas candidatas no punto da Experiencia profesional, excluíndo este criterio, e envíe a correspondente acta de puntuación e a nova proposta de provisión
- facer público este acordo

A Coruña, asinado dixitalmente

A vicerreitora de Profesorado
Teresa López Fernández

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: J8F6CMNLO4247G0LDIBC83MQ
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 01/04/2026 11:28:20 Página 1 de un total de 1 página(s).